

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AUGAS DE GALICIA**

*EXTRACTO da Resolución do 29 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).*

BDNS (Identif.): 878476.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS):

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/878476>

**Primeiro. Entidades beneficiarias**

Poderán ser entidades beneficiarias os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan a autorización de vertedura ou a teñan solicitado antes da finalización do prazo de xustificación da subvención para un sistema de depuración autónomo nun núcleo rural illado de quince ou menos vivendas.

**Segundo. Obxecto**

Establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á renovación e/ou á instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e proceder á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).

**Terceiro. Bases reguladoras**

Publícase conxuntamente este extracto coa Resolución do 29 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma



de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).

*Cuarto. Importe*

As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por importe de setecentos setenta e dous mil cincocentos tres euros (772.503,00 €), aplicación orzamentaria 06.82.542B.760.0.

O importe das subvencións será do 100 % do investimento da actuación proposta, incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), ata esgotar o crédito da convocatoria e cos límites máximos por actuación que se indican a seguir:

- a) Sete mil cincocentos euros (7.500 €) en núcleos rurais illados de menos de 4 vivendas unifamiliares.
- b) Quínte mil euros (15.000 €) en núcleos rurais illados de entre 4 e 8 vivendas unifamiliares.
- c) Vinte mil euros (20.000 €) en núcleos rurais illados de máis de 8 e ata un máximo de 15 vivendas unifamiliares.

*Quinto. Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 23 de febreiro de 2026 e rematará ás 14.00 horas do día 23 de marzo de 2026.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto  
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: zzqi3we9-xz43-bbc4-xzf6-pgqzqustptr7

